



FERROLTERRA · RÍAS ALTAS

INDIANO PATRIMONIO

A EMIGRACIÓN FERROLTERRÁ A AMÉRICA E O PATRIMONIO INDIANO

A emigración é un dos fenómenos que mellor definen a Historia Contemporánea de Galicia e unha data fundamental dese capítulo prodúcese a partir de 1853, cando unha Real Orde do 16 de setembro autorizaba legalmente a saída de emigrantes para Ultramar. Os maiores países receptores van ser Arxentina, Cuba e o Uruguai e, en menor medida, os EE.UU. Unha das consecuencias desa diáspora que se mantivo, con variacións, ata a crise económica de 1929, polo grave impacto do crack económico estadounidense, foi a forte pegada deixada polos indios e emigrantes retornados na denominada ARQUITECTURA INDIANA.

Localizada nas zonas rurais e situada cronoloxicamente nos primeiros trinta anos do século XX, nela asoman elementos autóctonos con outras correntes internacionais como o historicismo, o modernismo, o eclecticismo e o racionalismo; xunto con novos materiais construtivos como o ferro fundido, o cemento, a tella plana, as lamias de cinc, os estucados, o vidro policromado, a cerámica, a baldosa e a incorporación dun xardín con especies arbóreas exóticas, como a araucaria, a palmeira, o magnolio e o teixo. Vai estar presente por toda Ferrolterra, e, especialmente, na península de Bezoucos, nas vivendas familiares, como expresión das fortunas adquiridas en América e levantadas nas súas aldeas de orixe. Mais tamén nas numerosas escolas promovidas polas Sociedades de Instrución e por indios beneméritos dende Cuba e a Arxentina; na arquitectura civil de ocio, como cines, casinos e salóns de baile. A arquitectura relixiosa, debido á mentalidade laica que prendeu nos países de destino, tivo un menor interese, aínda así atopáanse exemplos tanto da relixiosa como da funeraria.

Este conxunto do repertorio indiano inventariado que presentamos a continuación constitúe un sobranceiro sinal de identidade do patrimonio histórico de Fene, Mugardos, Ares e Cabanas, que remite tamén a outros valiosos exemplos no Xeodestino Ferrolterra-Rías Altas.

- RUTA INDIANA -

- 1 Chalé do Adriano
- 2 Cine Adriano
- 3 Sociedade O Pote: Pista de Baile
- 4 Escola Curros Enríquez
- 5 Casino Progreso
- 6 Grupo Escolar Francisco Vizoso Cancela
- 7 Casa Joaquín Sixto Vázquez
- 8 Casa Rosa
- 9 Casa Montero Cabana
- 10 O Chalé de Esperante
- 11 Cemiterio Protestante
- 12 Escola da Alianza Aresana de Instrucción
- 13 Casa Nicolás López Cancela
- 14 Casa de Antonio Vilar
- 15 Casa Santa Amalia
- 16 A Tenencia. Escola Agrupación Instructiva
- 17 Villa Fraián
- 18 Vista Alegre
- 19 Chalé do Areal
- 20 Igrexa de San Xosé

- Autoestrada
- Autovía
- Vía alta capacidade
- Estrada nacional
- Estrada autonómica
- Estrada local
- Vía de tren
- Camiño de Santiago (inglés)
- Camiño Santo André de Teixido
- Espazo Natural - ZEC
- Parque Natural



- OUTROS RECURSOS -

- 21 Casa de Crego
- 22 Villa Eneida
- 23 Casa Escolar
- 24 Antiga Escola de Saa
- 25 Regueirolongo
- 26 Casa de Filgueiras
- 27 Chalé de Canido
- 28 Casa de Tejo
- 29 Casa de Santos
- 30 Pazo Libunca
- 31 Escola de Nenas de Sedes
- 32 Chalé de Pita Romero
- 33 Casa Palmeiras
- 34 Grupo Escolar San Claudio
- 35 Casa Rico
- 36 Casa de Dionisio
- 37 Casa Orjales
- 38 La Viña
- 39 Casa de Charo
- 40 Chalé de Carelle
- 41 Casa de Antón Seoane
- 42 Casa da Hosta
- 43 A Casa Rosa
- 44 Antiga Escola de Somozas
- 45 Casa Robles
- 46 Chalé Joselito
- 47 Casa Gelpi
- 48 Cine Zárate
- 49 CIRS Cervás



RUTA POLO PATRIMONIO INDIANO NA PENÍNSULA DE BEZOUÇOS: FENE - MUGARDOS - O SEIXO - LUBRE - ARES - REDES - CABANAS - FENE

– CONCELLO DE FENE: INICIO DA RUTA –

1. CHALÉ DO ADRIANO [1921-1925] *Ecléctico con influencias neoclásicas*
A Brea, 38. Barallobre [43°27′26.7″N - 8°11′23.8″W]

Foi levantado polo indiano Antonio Fernández Fernández, coñecido como *O Adriano*, segundo os planos que el mesmo deseñou, despois de retornar de Cuba. Construída en formigón, salientan os balcóns e miradoiros e na azotea unha cúpula coa escultura simbólica do home da maleta, mirando á ría e cunha gabardina baixo o brazo; na súa man dereita un facho, como símbolo do éxito do indiano, representado por el mesmo.

2. CINE ADRIANO [1947] *Racionalismo*

143, AC-133, 121. Barallobre [43°27′36.7″N - 8°11′35.2″W]

Foi a primeira arquitectura do concello deseñada exclusivamente para cine, aínda que tamén se celebraron sesións de baile. O edificio é un proxecto do arquitecto Vicente García Lastra para Antonio Fernández Fernández. Trátase dunha austera edificación de dúas plantas na fachada principal, rematada co rótulo de Cine Adriano. Dispuña dun aforo para 388 espectadores. Inaugurouse o día do Nadal de 1947 coa proxección da película *El enemigo público número uno*. O seu estado actual é moi precario.

3. SOCIEDADE O POTE: PISTA DE BAILE [1927]

Estrada da Palma, 217. Maniños [43°27′10.3″N - 8°11′58.2″W]

Naceu por iniciativa da *Sociedad O Pote de Amigos de las Árboles*, fundada en 1926, para construír unha zona destinada á natureza, con exemplares de árbores autóctonas, e para a celebración das festas parroquiais. Entre os seus promotores figuraban moitos emigrantes, residentes en Cuba. En 1933 crearon a Romaría do Pote, a primeira festa gastronómica sen connotacións relixiosas de toda a bisbarra. Tanto o palco, como o poste da iluminación e os ornamentos teñen as cores brancas e azuis, coma a bandeira galega e moi propios da arquitectura indiana.

4. ESCOLA CURROS ENRÍQUEZ [1916] *Ecléctico*

Estrada da Palma, 217. Maniños [43°27′10.3″N - 8°11′58.2″W]

Foi promovida pola *Sociedad de Instrucción y Recreo Naturales del Ayuntamiento de Fene*, constituída na Habana en 1910, e levantada cos planos enviados dende Cuba, deseñados coa finalidade de facer un edificio educativo moderno. Foi inaugurada en 1916. A Sociedad disólvese en 1930 por mor da crise económica e na actualidade é para uso das entidades sociais.

– CONCELLO DE MUGARDOS –

5. CASINO PROGRESO [1928] *Modernismo*

Avenida Francisco Vizoso, 34. Franza [43°26′48.1″N - 8°13′12.8″W]

Igual que o desaparecido Casino de Ares foi un centro cultural e recreativo, con salón de xogos, como o billar, e con celebración de bailes. Foi construído grazas á iniciativa emigrante, e á do filántropo Francisco Vizoso Cancela, natural de Franza e afincado na Habana que colaborou coa cesión do terreo.

6. GRUPO ESCOLAR FRANCISCO VIZOSO CANCELA [1929] *Ecléctico*

Rúa Francisco Vizoso, 40. Franza [43°26′48.4″N - 8°13′09.5″W]

Foi promovido pola *Institución Escolar de Franza y Seijo*, sociedade fundada na Habana en 1921 e rematado grazas ao devandito emigrante Francisco Vizoso. A simetría domina a composición da fachada, na que destacan as galerías de madeira. Na actualidade é o Centro de Formación Municipal onde se organizan cursos formativos, entre outras actividades.

– TOMAR DIRECCIÓN AO SEIXO –

7. CASA JOAQUÍN SIXTO VÁZQUEZ [1929] *Ecléctico*

Av. Celso Emilio Ferreiro. O Seixo [43°27′12.9″N - 8°12′41.2″W]

Foi promovida por Joaquín Sixto Vázquez, emigrante na Habana. O proxecto foi obra dos arquitectos cubanos Albarrán e Bibal. Trátase dunha vivenda familiar que se distingue polo pintoresco da súa aparencia. Un soportal con tres arcos de medio punto sosteñen unha longa galería, pintada en branco e grante, igual que o perímetro dos vanos. Salienta tamén un balcón en esquina de madeira, que preside a fachada principal.

8. CASA ROSA [1923] *Ecléctico*

Av. Celso Emilio Ferreiro. O Seixo [43°27′12.9″N - 8°12′41.2″W]

Fronte á vivenda anterior atópase esta *Casa Rosa*, así denominada pola cor das súas fachadas. Foi construída polo emigrante na Habana Pedro Dopico Brage. Levantada en cemento, conta cunha escaleira con balastrada que dá acceso ao vestíbulo de entrada, e con dous piares que soportan na parte superior unha galería corrida. Presenta unha cuberta en azotea, seguindo o modelo construtivo importado de Cuba e conta cun xardín con especies arbóreas, típicas indianas.

9. CASA MONTERO CABANA [1925] *Ecléctico*

Avenida de O Seixo, 126 [43°27′29.4″N - 8°13′04.8″W]

Esta pequena vivenda unifamiliar foi construída por Germán Brage. A peculiaridade principal é a aparición dunha bufarda que voa sobre a cuberta a dúas augas, con tella plana sobre estrutura de madeira. Un balcón con varanda de forxa rompe a liña da cornixa. Na fronte presenta un cerrume con balastradas de formigón e con xardineiras na parte superior.

10. CHALÉ DE ESPERANTE [1868] *Ecléctico*

Avenida de O Seixo, 128 [43°27′29.0″N - 8°13′05.0″W]

Colindante coa Casa Montero, foi promovido polo ferrolán e mestre de obras Manuel Esperante, emigrado primeiro en Cuba e máis tarde nos estados norteamericanos de Florida e Louisiana. Trátase dunha arquitectura residencial, influenciada por modelos foráneos, como os remates pintorescos dos pináculos, moi comúns dos chalés alpinos. Rivaliza en protagonismo o balcón que preside a fachada principal, que é de madeira de teca, totalmente calado e pintado de verde.

– TOMAR DIRECCIÓN A LUBRE: ARES –

11. CEMITERIO PROTESTANTE [1918]

Rúa da Paz, 26 [43°25′41.1″N - 8°14′54.6″W]

Nace por iniciativa da acción evanxelista en Ares, que comezara as súas primeiras predicacións en 1916, cando se inaugura o cemiterio cos cartos recadados pola colonia evanxelista de Ares e por emigrantes en Cuba, ante a negativa de autorizar enterros de herexes no cemiterio parroquial. Estaba afastado por un muro do camposanto católico. Durante a Guerra Civil as tapias do cemiterio utilizáronse para os fusilamentos e moitos dos mortos foron soterrados en foxas comúns. Dende o punto de vista arquitectónico, salienta especialmente unha artística portada.

12. ESCOLA DA ALIANZA ARESANA DE INSTRUCCIÓN [1909] *Ecléctico*

Rúa María, 11 [43°25′31.6″N - 8°14′45.1″W]

Foi fundada pola *Alianza Aresana de Instrucción* na Habana (Cuba) en 1904, na rúa Industria 148, casa de Domingo Troche, converténdose na pioneira de todas organizacións comunitarias microterritoriais que agromaron posteriormente por numerosos lugares de Galicia. Cos planos enviados dende A Habana, abría o primeiro pavillón do grupo escolar do Porto en 1909, destinado exclusivamente a nenos. En 1911 péchase cunha muralla de pedra

con reixa de ferro, da que sobresaen as pilastras que sosteñen a porta de acceso. Agustín Bendamio Leiro foi o que aportou a maior parte dos cartos para o pavillón central, inaugurado en 1936.

13. CASA NICOLÁS LÓPEZ CANCELA [1922] *Modernismo*

Rúa Real, 73 [43°25′39.5″N - 8°14′39.4″W]

Foi o resultado da remodelación dunha casa familiar realizada polo emigrante na Habana Nicolás López Cancela. Responde ao modelo de vivendas de esquina. Como elementos máis atractivos da fachada principal figuran as galerías do primeiro andar, unidas por un balcón de forxa, o balcón corrido no segundo, unha ornamental cornixa e unha pequena bufarda, recuberta de escamas de cinc. Na fachada traseira unha galería percorre a primeira planta protexida por lamias de cinc sustentada por pilastras.

14. CASA DE ANTONIO VILAR [1926] *Ecléctico*

Avenida Saavedra Menezes, 20 [43°25′38.9″N - 8°14′32.8″W]

Antonio Vilar, emigrante en Cuba, reforma unha antiga fábrica de salgadura para transformala en vivenda familiar de formigón. Lamentablemente, coa recente restauración foron eliminados algúns dos seus característicos elementos decorativos. Salienta unha grandiosa galería en esquina e aberta ao mar. Na fachada sur destaca unha terraza adornada con balastrada de formigón e macetellos da mesma época.

– REDES –

15. CASA SANTA AMALIA [1919] *Ecléctico*

Estrada local que conduce de Ares a Redes [43°25′39.6″N 8°12′17.1″W]

Foi un encargo do emigrante redeño na Habana Luciano Rojo López ao mestre local José Calvo, seguindo os planos do arquitecto coruñés Juan Villaa-mil. As influencias coloniais quedan patentes no amplo soportal lateral da fachada esquerda, cunha longa galería en madeira de teca sostida por columnas. Na fachada principal destacan as portas balconadas con balastradas de formigón. A cumieira reforza a composición triangular da casa e leva un remate decorativo de influencia neoclásica. Esta maxestosa vivenda chegou a converterse na maior da bisbarra e foi escenario de moitas festas e actos sociais. Ten unha capela adosada.

16. A TENENCIA.

ESCOLA DA AGRUPACIÓN INSTRUCTIVA DE REDES-CAAMOUCO [1915] *Modernismo*

Lugar da Tenencia, s/n [43°25′39.9″N - 8°12′19.3″W]

Esta *Agrupación Instructiva* foi constituída na Habana en 1911 por un grupo de emigrantes naturais de San Vicente de Caamuco. Ao pouco tempo van crear unha delegación nesta parroquia, presidida por Nicolás Noche Castro, un dos impulsores da construción da escola da Tenencia, inaugurada en 1915. Foi levantada polo mestre de obra José Calvo. Trátase dun edificio singular que salienta pola súa harmonía arquitectónica. Tiña dúas aulas, separadas por un corredor central, e cun cuarto de baño en cada unha. Contaba tamén con amplos espazos axardinados para diversas actividades deportivas e de lecer.

– CONCELLO DE CABANAS –

17. VILLA FRAIÁN [1920] *Ecléctico*

San Martiño do Porto. Na marxe esquerda da estrada local que conduce de Cabanas a Mugardos [43°25′41.3″N - 8°10′40.8″W]

Foi un encargo dos irmáns Patiño, oriúndos de Cabanas e residentes na Habana, ao arquitecto local Manuel Leira y Leira para que modificara a casa materna, que databa de 1889. Mistura elementos rexionalistas e modernistas. Destacan unha longa galería lateral de madeira, con coidado deseño de carpintería, e a torre da parte traseira, de planta cadrada e de tres alu-

ras, que finaliza cun balcón de varandas de ferro forxado e profusamente modulado, e coa cuberta de tella árabe a catro augas, rematada por unha esvelta agulla metálica que fai de pararraios.

18. VISTA ALEGRE [1948] *Ecléctico*

San Martiño do Porto [43°25′30.1″N - 8°10′34.3″W]

Foi levantada polos irmáns Barros, orixinarios do Seixo e de Redes, seguindo o proxecto do arquitecto Viana, co sobrenome do *Portugués*. A vivenda sitúase nun terreo de grande pendente, salvada por unha escalinata que, a través dun percorrido polo xardín, conduce á entrada principal. Mistura elementos rexionalistas e indianos e presenta na fachada principal un soportal con columnas que sosteñen a terraza superior. Ao seu carón unha torre que sobresaen por riba do resto da casa.

19. CHALÉ DO AREAL [1930-1934] *Rexionalismo*

Estrada N-651. Rúa Areal, 25 [43°24′55.4″N - 8°09′57.6″W]

Foi promovido por Emilio Blanco Blanco, emigrante na Arxentina. A maxestosa vivenda ázase entre unha frondosa vexetación dunha extensa finca, na que salientan un imponente abeto e unha araucaria. A torre con balcóns de rexería de ferro fundido, que se abren no piso nobre, e a cuberta de tella árabe sobre grandes beirados sostidos por pezas de madeira tallada de teca, propios da arquitectura rexionalista, é o elemento protagonista desta arquitectura doméstica. No seu momento, este palacete foi o conxunto residencial máis significativo do seu entorno.

– DIRECCIÓN LIMODRE, FENE: FIN DA RUTA –

20. IGREXA DE SAN XOSÉ [1947] *Historicista*

Limodre [43°26′11.3″N - 8°11′37.9″W]

Tal como consta nunha placa, o templo foi promovido por José Andrés Vázquez, a súa dona Modesta Varela Grande e a súa filla Dolores Andrés Varela de Veiga. Foi custeada parcialmente por subscripción popular, e na que participou o indiano, natural da mesma parroquia, Juan Varela Grande, que financia o altar coa Virxe da Caridade, patroa de Cuba. Salientan os trazos neogóticos do corpo central da fachada principal, rematado por un campanario con pináculos.



OUTRAS ACTIVIDADES

• **CONCELLO DE ARES** *Ares Indiano* [4ª fin de semana de agosto]

Evento cultural e lúdico que pon en valor a emigración aresá de alén mar, a aquelas xentes. Inclúe conferencias, roteiros guiados, concertos, xogos populares, exposicións, animación na rúa... É unha homenaxe á historia da emigración e ás xentes que, tras marcharen do seu lugar de orixe, voltaron e convertéronse en mecenas de diversas iniciativas socioculturais na súa vila como forma de contribuír ao seu progreso.

+*info*: www.concellodeares.com · *Facebook*: *Ares Indiano*

• **CONCELLO DE FENE** *Ruta Indiana, ven a Maniños* [25 agosto]

Coñecer a historia indiana de Fene a través dunha ruta guiada polo arquitecto Carlos Ardá e con recreacións teatrais de figuras insignes da época é o obxectivo desta actividade dirixida a poñer en valor o rico patrimonio que os emigrantes retornados de Ultramar fixeron posible co seu labor de mecenado. Hai varias saídas programadas ao longo do día con saída e chegada no Pote, e o percorrido faise en autobús de época.

+*info*: www.fenecidadan.net

PARA SABER MÁIS

- ARES SANMARTÍN, M. "O Pote, 75 anos de sociedade", *Diario de Ferrol*, 04-03-2001.
- ARIAS REI, Mª X. *Maniños no pasado*, Pontevedume, Concello de Fene, 1994.
- As Escolas da Emigración - Consello da Cultura Galega. mapas.consellodacultura.gal/escolas/datos_escola.php?cod_escsls=302.
- BELLO PLATAS, A. I. *Pazo Libunca*. (s. I.), Edicións Embora, 2014.
- BURGOA, J. J. "Joaquín Jofre Maristany y Juan Sixto Vázquez", *Diario de Ferrol*, 14-07-2019.
- CALVO TEIXO, L., VÁZQUEZ ANEIROS e ARIAS REI, Mª X. *O cine na comarca de Ferrol. As súas xentes. Os seus recursos (1897-2010)*, Betanzos, Asociación Cultural e de Promoción Social Conxeito, 2011.
- CARNEIRO REY, J. A. e RAMIL GONZÁLEZ, E. "Catálogo de Patrimonio Cultural de Mugardos", (s. I.), Concello de Mugardos, 2011.
- CARNEIRO REY, J. A. e RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, M. A. *Historia de Mugardos*, (s. I.), Reganosa-Concellería de Cultura de Mugardos, 2004.
- Casas de Indianos* (FERNANDO BORES GAMUNDI. COORD.), Santiago, Xunta de Galicia, 2000.
- "El antiguo escolar de Piñeiro recupera la placa de la fundación", *La Voz de Galicia*, 16-07-2018.
- ELIAS, C. "Un viaje histórico por las casonas y pazos de Narón", *La Voz de Galicia*, 02-03-2015.
- "Fene se adentra en su pasado indiano con una ruta interpretativa por Maniños", *FERROL360*, 14-08-2018.
- FRA MOLINERO, E. "Orixe do cemiterio protestante de Ares", *FerrolAnálisis*, nº 14, 1999.
- LÓPEZ NAVEIRAS, E. "A Agrupación e o seu mundo. Unha institución exemplar", *A Tenencia. Agrupación Instructiva de Caamuco*, nº 1, 1993.
- LLORCA FREIRE, G. *Centenario das Escolas de Instrucción dos "Naturales del Ayuntamiento de Fene" 1916-2016*, A Coruña, Deputación da Coruña, 2018.
- MÁIZ VÁZQUEZ, B. "Emigrantes retornados de acción en Ferrolterra e Eume (1898-1936). *Cátedra*, nº 10, 2003.
- MÁIZ VÁZQUEZ, B. *O Seixo. Na Outra Banda da banda de Ferrol, 1730-1930*, (s.I.), Edicións Embora, 2015.
- PATO, S. "Casas indianas: nueve lugares para descubrir el pasado emigrante de Galicia", *La Voz de Galicia*, 06-09-2018.
- VV AA. *Indianos. Arquitectura da emigración na península de Bezoucos*, Fene, COAG, 2000.

